

**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/01/2022 7:57:31

**SAIDA** 1376/22

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 180/2021**  
Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 4 de novembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**- [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 4 de novembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello da Coruña, de acceso ao expediente de licenza 621/2019/1083.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 12 de novembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A solicitude foi recibida polo Concello con data do 15 de novembro de 2021.

**Terceiro.** Con data do 14 de decembro de 2021, o Concello da Coruña remite informe sobre a reclamación presentada.

No informe faise constar que o interesado solicitou con data do 15 de setembro de 2021 por correo electrónico acceso á licenza de obras dun soar preto do seu edificio. Con data do 20 de setembro de 2021 autorizouse o acceso á información solicitada, poñéndose a disposición do solicitante a mesma o 21 de setembro de 2021, a través da Plataforma do Concello da Coruña AIVAI, enviándolle aviso da súa disposición ao correo facilitado polo solicitante.

O interesado non descargou o documento en prazo, expirando o dito envío o 6 de outubro de 2021, a pesar dos diferentes avisos enviados para a súa recollida.

Con data do 27 de setembro de 2021 o interesado presenta escrito no que solicita acceso ao expediente. Tras conversas telefónicas co interesado, con data do 19 de novembro de 2021, ponse novamente a súa disposición a documentación solicitada a través da plataforma do Concello, accedendo no mesmo día o interesado á mesma.

Non existe por tanto denegación de acceso ao expediente, senón que o interesado non accedeu á información que se lle facilitou en forma e prazo.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.



#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

No presente caso, o Concello puxo a disposición a resolución pola que se lle concede acceso á información solicitada con data do 21 de setembro de 2021, se ben este non accedeu á mesma sen que conste o motivo do non acceso, expirando o dito envío o 6 de outubro de 2021, prazo dende o que debe computarse o prazo dun mes, polo que ao ter interposta a reclamación con data do 4 de novembro de 2021, aínda que contra unha desestimación presunta que non se produciu, debe considerarse presentada en prazo, e por tanto admitirse.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou o acceso a un expediente de licenza, e ao non ter constancia da súa resolución, por non ter accedido á sede electrónica do Concello, presentou reclamación contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude. Pero tal e como informa o Concello, tal silencio non se produciu, dado que a solicitude se presentou o 15 de setembro de 2021, e con data do 20 de setembro de 2021 autorizouse o acceso á información solicitada, poñéndose á súa disposición o 21 de setembro de 2021, a través da sede electrónica do Concello.

Ao non descargar o interesado o documento en prazo, expirou o dito envío o 6 de outubro de 2021, segundo informa o Concello, a pesar dos diferentes avisos enviados para a súa recollida.

Se ben con posterioridade o Concello volveu a poñer a disposición do interesado a documentación solicitada, procede a desestimación da reclamación presentada contra a

desestimación por silencio administrativo da solicitude, ao non terse producido este, e se prexuízo de que o interesado poida presentar reclamación ante a resolución expresa ditada polo Concello, en caso de desconformidade coa información remitida.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### **ACORDA**

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso a un expediente de licenza presentada ante o Concello da Coruña.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2022.01.26 13:53:34 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**